

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS

Artigo 1º. De conformidade co establecido nos artigos 60.1, 86 e 87 da Lei 39/88, modificada polo Real Decreto-Lei 4/90 e pola Lei 6/91 e disposiciones regulamentarias que as desarrollan, este imposto será de esixencia obligatoria neste termo municipal, sendo as cuotas mínimas as establecidas polo Goberno, mediante Real Decreto Legislativo 1.175/90 e as sucesivas Leis de Presupostos Xerales do Estado.

Artigo 2º. O abeiro do artigo 88 da Lei 39/88 citada, neste térmoo municipal as cuotas a que se refiere o artigo anterior, serán determinadas mediante a aplicación sobre as mesmas de un coeficiente único, para todas as actividades exercidas neste térmoo municipal de: 1.

Artigo 3º. En aplicación do art. 89 da repetida Lei, para determina-la cuota final esixible ás actividades, considerando a situación física dentro do termo municipal do establecemento donde se desenrolen, establecese a escala de índices que se aplicará sobre a cuota a que se refire o artigo precedente.

<u>Categoría da Calle</u>	<u>Indice aplicable</u>
1ª (Puente Dena)	1'4
2ª (Iglesia-Dena, Coirón-Dena, As Covas)	1'2
3ª Resto Termo municipal	0'9

Disposición Final A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP e comenzará a aplicarse a partir do día 1º de Xaneiro de 1.992, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Meaño, 14 de xaneiro de 1.992

O Alcalde,

A Secretaria,





C O N C E L L O
D E
36968 M E A Ñ O

(PONTEVEDRA) Dª Mª TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria – Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).–

CERTIFICO: Que o Pleno da Corporación, en sesión de data 26 de outubro de 1995, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

9º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO I.A.E.

Pola Presidencia dáse conta, someramente, da documentación que íntegra o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do I.A.E., sinalando que o coeficiente non varía e que o que experimenta variación é o índice de situación aplicable á categoría de rúa denominada "Resto do Termo Municipal", que pasa do 0,9 a 1.

Despois dunha breve deliberación e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, coas abstencións dos Sres. Rodiño González e Romero Lorenzo por dez votos a favor, que representan a maioría absoluta do numero legal dos membros da Corporación, aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Aprobar, ó abeiro da Lei 39/1988 de 28 de decembro en concordancia coa Lei 22/1993, de 29 de decembro, provisionalmente a modificación do artigo 3º e disposición final da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto de actividades económicas nos seguintes termos:

"Artigo 3º.– En aplicación do artigo 8.2 da Lei 22/1993 de 29 de decembro, para determinar la cota final esixible ás actividades, considerando a situación física dentro do termo municipal do establecemento onde se desenrolen, establece-se a escala de índices que se aplicará sobre a cota á que se refire o artigo precedente.

<u>Categoría de calle</u>	<u>Índice aplicable</u>
1º (Puente Dena)	1,4
2º (Iglesia-Dena, Coirón-Dena, As Covas)	1,2
3º Resto do termo municipal	1

Disposición Final As presentes modificacíons da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P. e comenzaran a aplicarse a partires do 1 de xaneiro de 1996; permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

2º Exponer o público por un prazo de trinta días para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas; de non formularse reclamacións este acordo entenderase definitivamente adoptado.

3º Esta modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do I.A.E. entrará en vigor a partires do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do 1 de xaneiro de 1996.

E para que así conste, e para os efectos de unir o expediente, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a un de febreiro de mil novecentos noventa e seis.

Vº e Prace,
O Alcalde,





C O N C E L L O
DE
MEAÑO
C.P. 36968
(PONTEVEDRA)

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2000, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“2º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.”

O Sr. Alcalde-Presidente maniféstalle ós membros da Corporación que ó abeiro da entrada en vigor da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Pleno da Corporación en sesión de data 31 de outubro de 1991, acordou aproba-la Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, imposto de carácter obligatorio, na que se fixaba un coeficiente único para todo o termo municipal de 1 e un índice de situación en función das categorías das rúas na que estevira ubicado o establecemento, oscilando do 0,9 ó 1,4, pasando cunha modificación posterior da devandita ordenanza á actual escala de índice que varia da mínima 1 á máxima 1,4. Non obstante actualmente considérase axeitada a revisión destes índices para adapta-la á actual realidade física das rúas dos Núcleos Urbanos, por canto acadaron un nivel de servicios comparables a Ponte Dena, que era o lugar que tiña o índice de situación máis alto, e lle supuxo un nivel inversor mais alto ó Concello e á nova redistribución do callejero. En definitiva non supón unha medida recadatoria, senón unha nova ordenación da categoría das rúas adaptada a súa realidade física en canto ó nivel de servicios de que dispoñen e o novo callejero.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Sr. Serafín Pérez Méndez e sinala que ve lóxica esta aplicación de índices; non obstante como sinalou na Comisión Especial de Contas sostén que se debería fixa-lo índice de situación en 1,2 para tódolos establecementos que se emprazan a pe das estradas xerais, engadindo o Sr. Alcalde que tomar este criterio de estradas xerais sería de difícil aplicación por canto nun lugar que é o que figura como domicilio fiscal pode estar afectado por unha estrada xeral e habería que discernir que establecementos dese lugar lle afectaría a estrada e a cales non.

Toma a palabra o Sr. Lores Buezas quen pregunta si esta modificación supón un incremento no devandito imposto e na recadación. Contéstalle o Sr. Alcalde que o seu grupo considera xusto a aplicación destes índices en función da situación en que se atopan ubicados os establecementos, porque non é igual un establecemento situado nunha rúa que acada tódolos servicios que un situado nun lugar sen os mesmos servicios; en canto a si supón un aumento, sí suporá un pequeno incremento para os establecementos que acedan á categoría 1^a por canto o índice de aplicación será de 1,3 e unha diminución para os establecementos da Rúa Ponte Dena por canto pasan do 1,4 ó 1,3. En canto á recadación

total calcúlase que suporá un incremento en torno ó millón de pesetas por canto pasa máis número de establecementos a contribuír co índice de situación 1,3.

Sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, coas abstencións dos Sres. Lores Buezas, Pérez Méndez e Valladares Gondar, e por dez votos a favor, que en todo caso representan a maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, e aceptando o dictame-proposta emitido pola Comisión Especial de Contas, acorda:

1º/ Modifica-lo índice de situación, dentro dos límites contidos no art. 89 do texto actualizado da Lei 39/88, do 28 de decembro, do Imposto sobre Actividades Económicas, quedando nos termos que se recollen na modificación ó artigo 3º da Ordenanza Fiscal Reguladora.

2º/ Aprobar provisionalmente a modificación do Artigo 3º e Disposición Final da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, nos seguintes termos:

"Artigo 3º.- En uso das facultades outorgadas polo artigo 15 do texto actualizado da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais e en concordancia co art. 89 da devandita lei, para determina-la cota final esixible ás actividades, considerando a súa situación física dentro do termo municipal do establecemento onde se desenvolvan, establécese a escala de índices que se aplicará sobre a cota á que se refire o art. 2 desta ordenanza.

<u>Categoría da Rúa</u>	<u>Indice aplicable</u>
1ª	
Rúa Ponte Dena	
Rúa A Chanca	
Rúa Santa Lucia	
Rúa de Galicia	
Rúa Nova	
Rúa dos Colexios	
Rúa Ramón Cabanillas	
Rúa Desiderio Dovalo	
Rúa Herminia Fariña	
Rúa Campo da Feira	
Rúa Salnés	1,3
2ª	
Resto dos lugares non afectados por rúas Iglesia - Dena, Coirón - Dena, As Covas - Meaño. Barrio de Cacheiro. Polígono A Pedreira.	1,2



C O N C E L L O
DE
MEAÑO
C.P. 36968
(PONTEVEDRA)

3^a

Resto do termo municipal



1

Disposición final. - A presente modificación desta Ordenanza Fiscal, que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2001, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

2º/ Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións."

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino o presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, o abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a seis de novembro de dous mil.

Visto e Prace
O Alcalde





Rúa Campo da Feira nº 1
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85
Fax: 986 74 73 91

C O N C E L L O
DE
M E A Ñ O
C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2003, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“3º MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.-

O Sr. Alcalde-Presidente maniféstalle ós membros presentes da Corporación que a Ordenanza Fiscal reguladora do IAE prevía tres categorías de rúas no que o índice de situación mínimo era 1 e o máximo 1,3 e un coeficiente único aplicable a todo o termo municipal de 1.

En virtude da modificación dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais ó art. 88 desta lei, pola que se suprime o coeficiente municipal e se crea o coeficiente de situación, segundo unha escala que pondere a situación física do local dentro do termo municipal atendendo á categoría da rúa, e ainda manténdose as mesmas categorías de rúas e os mesmos coeficientes, parece necesario para establecer a escala de coeficientes modifica-la actual ordenanza fiscal.

Polo que unha vez dictaminada pola Comisión Especial de Contas se propón ó Pleno a devandita modificación.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos once membros presentes, que en todo caso representa a maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, acorda:

1º Modifica-la Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas nos artigos e nos termos que de seguido se relacionan:

“Artigo 2º.- Queda sen contido.

Modifícase o art. 3º, que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 3º.- En uso das facultades outorgadas polo artigo 15 en concordancia co artigo 88 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, coa reforma dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 87 da devandita Lei e considerando a situación física dos locais dentro do termo municipal establecécese a seguinte escala de coeficientes:

<u>Categoría da Rúa</u>	<u>Coeficiente de situación</u>
1ª	
Rúa Ponte Dena	
Rúa A Chanca	
Rúa Santa Lucia	
Rúa de Galicia	
Rúa Nova	
Rúa dos Colexios	
Rúa Ramón Cabanillas	
Rúa Desiderio Dovalo	
Rúa Herminia Fariña	
Rúa Campo da Feira	
Rúa Salnés	1,3
2ª	
Resto dos lugares non afectados por rúas Iglesia - Dena, Coirón - Dena, As Covas - Meaño.	
Barrio de Cacheiro.	
Polígono A Pedreira.	1,2
3ª	
Resto do termo municipal	1
<u>Disposición final.-</u> A presente modificación desta Ordenanza Fiscal, que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”	

2º Exponer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva do termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a cinco de marzo de dous mil tres.

Visto e Prace
O Alcalde

